



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Nomeamento do presidente-suplente da comisión de valoración proceso selectivo dunha praza de conserxe-colexio e data do primeiro exercicio da oposición

Nomeamento de presidente-suplente da Comisión de Valoración do proceso selectivo convocado para a cobertura en propiedade dunha praza de conserxe-colexio de administración xeral, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, persoal funcionario de carreira, polo procedemento de oposición do Concello de Culleredo

Por resolución da concelleira delegada de Seguridade cidadá e Persoal do 20 de maio de 2022, resolveuse o seguinte:

Primeiro.–Nomear a don José Luis Vizcaíno Martínez, técnico informático do Concello de Culleredo, como presidente-suplente da Comisión de Valoración do proceso selectivo convocado para a cobertura en propiedade dunha praza de conserxe-colexio de administración xeral, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, persoal funcionario de carreira, polo procedemento de oposición.

Os membros do tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo, e os aspirantes poderán recusalos, cando conorra algunha das circunstancias previstas, respectivamente, nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo.–Convocar os/as aspirantes a realización do primeiro exercicio, na data, hora e lugar que se indican:

Data: 13 de xuño de 2022.

Hora: 19.00 horas.

Lugar: salón de actos do CIFP Universidade Laboral sita na rúa Salvador Allende, s/n, no Concello de Culleredo.

Terceiro.–Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.culleredo.es).

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.”

O que se publica aos efectos das bases específicas desta convocatoria.

Culleredo, a 23 de maio de 2022.

Marta María Figueroa Fuentes

A concelleira delegada de Seguridade cidadá e Persoal